



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025



FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA



***Galicia é unha e non dúas, ten un pobo
e non dous, e ten unha cultura e non
dúas***

Castelao

Fundación Amigos de Galicia

amigosdegalicia.org

informacion@fundacionamigosdegalicia.org

ÍNDICE DE CONTIDOS

Carta do presidente	4
Quenes somos	5
Visión, Misión e Valores	6
Órgano de Goberno	7
Novas 2025 (Inauguración aula)	8
Datos relevantes	9
Compromiso coa Axenda 2030	10

PROGRAMAS

Plan Integral de Loita Contra a Pobreza	12
Servizo de Orientación, Intermediación e prospección laboral	20
Especial protección á infancia	29
Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade	42
Programas de atención psicolóxica e xurídica	47
Programa de dixitalización para As persoas maiores	50
Programa “Coidando en Benestar”	53
Programas de prevención e igualdade	55
Programas de voluntariado	58

Recoñecemento eido Gastronomía	60
Resultados económicos	63
Transparencia	65
Redes e alianzas	69

PRESENTACIÓN



É para min unha honra dirixirme a vostedes, en calidade de **presidente da Fundación Amigos de Galicia**, para presentar a Memoria Anual correspondente ao **exercicio 2025**. Nela recollemos o traballo desenvolvido ao longo do ano, así como os logros acadados grazas ao compromiso do noso equipo e ao apoio das institucións, entidades colaboradoras, empresas e persoas benefactoras.

Ao longo deste período, a Fundación continuou avanzando na súa misión de loitar contra a pobreza e a exclusión social, promovendo a igualdade de oportunidades e a inclusión activa das persoas e familias en situación de vulnerabilidade. Reforzamos os nosos programas de atención social, educación, emprego, cultura, saúde e apoio básico, adaptándonos ás novas necesidades que xorden na nosa contorna.

Estes programas permitiron achegar oportunidades e recursos a colectivos con maiores dificultades, favorecendo a súa integración sociolaboral e fortalecendo o tecido laboral e social. Un exemplo significativo deste avance é a nova aula de formación da que dispón a entidade en Vilagarcía, que amplía as posibilidades de capacitación e mellora da empregabilidade das persoas participantes.

Esta memoria recolle, con rigor e transparencia, as principais liñas de actuación da entidade, os proxectos desenvolvidos e os resultados obtidos, así como a xestión responsable dos recursos que se nos confían. O noso propósito é seguir sendo unha organización próxima, útil e eficiente, que responde de maneira áxil e responsable ás demandas existentes, especialmente das persoas e familias en situación de maior vulnerabilidade.

Quero aproveitar estas liñas para agradecer de maneira sincera a colaboración das administracións públicas, empresas, organizacións sociais e persoas particulares que depositan a súa confianza na Fundación Amigos de Galicia. Sen o seu apoio sería imposible manter e ampliar o alcance das nosas intervencións nos ámbitos nos que actuamos.

Vos convido a consultar con detalle a Memoria Anual que acompañamos a esta carta, coa confianza de que vos permita coñecer mellor o traballo que desenvolvemos e o impacto xerado nos ámbitos nos que actuamos. Fico, como sempre, á vosa disposición para calquera información adicional ou aclaración que poidades precisar.

Recíbide un cordial saúdo,

Dr. Ramiro Varela Cives

Presidente

Fundación Amigos de Galicia

QUENES SOMOS

Fundación Amigos de Galicia é unha **entidade sen fins lucrativos** (Lei 49/2002), rexistrada coma Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199 e **Axencia de Colocación “Emprega”** aprobada pola Xunta de Galicia con número de Expediente 2012/017 e Número de Identificación 1200000013.

Tamén está rexistrada como **Organización Non Governamental para o Desenvolvemento D-32** no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, no Rexistro de Entidades de **Interese Galego co nº 28** (1995/5), no **Rexistro de Entidades Culturais co nº 36**, no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia co nº de inscrición ASC-0486**, así como acollida á Lei de Mecenado.

O principal ámbito de actuación atópase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, realizando accións puntuais tanto a nivel nacional coma internacional.

As delegación atópanse situadas ao longo da comunidade de Galicia:

Sede Social:



SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa das Tabaniscas, 50 – 15.705

Sede fiscal:



VILAGARCÍA DE AROUSA

Avda. López Ballesteros, 9 – 36.600

Oficinas:

Pontevedra


Edificio Adm. Benito Corbal – 36.002
Avda. Matosinhos, 2 – 36.600 Vilagarcía de Arousa

Ourense

Avda. de Portugal, 59 – 32.002

Lugo

Ronda das Mercedes, 14 – 27.002



VISIÓN

A nosa misión é a atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social, en especial á protección a infancia e a integración laboral das persoas en situación de desemprego.

Consolidarnos como entidade orientada ás persoas, comprometida coa calidade, a transparencia e o bo goberno.

MISIÓN

A nosa misión é a atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social, en especial á protección a infancia e a integración laboral das persoas en situación de desemprego

VALORES

Equidade

Reivindicando a igualdade e respectando a pluralidade da sociedade.

Independencia

Actuando de conformidade cos nosos principios expostos nos estatutos.

Solidariedade e altruísmo

Sendo capaces de traballar para os demais poñéndonos á disposición da sociedade.

Transparencia

Poñemos a disposición dos/as colaboradores/as e dos/as usuarios/as toda a información sobre o fin dos nosos fondos.

Profesionalidade

Cun equipo profesional comprometido coa acción que desenvolvemos e con ampla experiencia no terceiro sector.

Respecto e tolerancia

Manifestando a tolerancia e exemplo de respecto a todas as persoas sen diferenciar, ideas, crenzas ou prácticas.

ÓRGANO DE GOBERNO E EQUIPO TÉCNICO

PADROADO

Presidente de Honra

Ramiro Carregal Rey

Presidente

Ramiro José F. Varela Cives

Secretario

Xoan Carlos Portos Olveira

Tesoureiro

Antonio Costa Sánchez

Vicepresidenta 1ª

Gloria Rodríguez Moirón

EQUIPO DIRECTIVO

Jesús Busto Peteiro

Director Xeral

Mª de los Ángeles Rodríguez González

Subdirectora

EQUIPO TÉCNICO

Traballadores/as sociais: 7

Psicólogos/as: 2

Orientadores/as laborais: 9

Administrativos: 2

Docentes: 2

Técnico/a en nutrición: 1

Marketing e comunicación: 1

Persoal de loxística e almacén: 3

Avogado/a: 2

Persoal Prácticas: 11

Inauguración aula formación

Avenida López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa



A inauguración oficial tivo lugar o 19 de decembro de 2025, a cargo do Director Xeral de Inclusión Social, **Arturo Parrado**, coa presenza do Delegado Territorial da Xunta en Pontevedra, **Agustín Reguera**, así como do presidente da Fundación, Ramiro Varela.

Este investimento, a través dos "**Programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades**" da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, consolida a Fundación Amigos de Galicia como referente na inclusión sociolaboral, xerando un impacto multiplicador na comunidade que perdurará nos vindeiros anos.

DATOS RELEVANTES 2025

ATENCIÓN A FAMILIAS EN RIESGO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

13.612

PERSONAS QUE
RECIBIERON ENTREGA
POR **1ª VEZ**

2.164

11.751

ATENCIÓN
EMPREGO

PERSONAS
INSERIDAS NO
MERCADO LABORAL

1.903

86

NOVOS CASOS
ABERTOS QUE RECIBIERON
APOIO **PSICOLÓGICO**

4.184

INTERVENCIÓN
EN CENTROS
ESCOLARES

PERSONAS MAIORES
QUE RECIBIERON
FORMACIÓN
DIXITAL

570

270

ATENCIÓN
A MULLERES EN SITUACIÓN
DE VULNERABILIDADE

Os Obxectivos de **Desenvolvemento Sostible (ODS)** representan un compromiso global para acadar un futuro máis xusto, equitativo e respectuoso co medio ambiente. Desde a súa aprobación en 2015 por todos os Estados Membros das Nacións Unidas no marco da **Axenda 2030**, estes 17 obxectivos serven de guía para a acción social, económica e ambiental a nivel mundial.

A **Fundación Amigos de Galicia** aliña o seu labor diario con esta folla de ruta internacional, contribuíndo de maneira activa ao cumprimento dos ODS. A entidade centra os seus esforzos nos seguintes obxectivos:

 <p>1 FIN DE LA POBREZA</p>	<p>Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en toda Galicia, e por ende en todo o mundo.</p>
 <p>2 HAMBRE CERO</p>	<p>Poñer fin á fame, logras a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura.</p>
 <p>3 SALUD Y BIENESTAR</p>	<p>Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos/as en todas as idades.</p>
 <p>4 EDUCACIÓN DE CALIDAD</p>	<p>Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, así como promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos/as.</p>
 <p>5 IGUALDAD DE GÉNERO</p>	<p>Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.</p>
 <p>8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO</p>	<p>Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos/as.</p>
 <p>10 REDUCCIÓN DE LAS DESIGUALDADES</p>	<p>Reducir a desigualdade en e entre os países.</p>
 <p>13 ACCIÓN POR EL CLIMA</p>	<p>Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.</p>
 <p>16 PAZ, JUSTICIA E INSTITUCIONES SÓLIDAS</p>	<p>Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.</p>
 <p>17 ALIANZAS PARA LOGRAR LOS OBJETIVOS</p>	<p>Revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sustentable.</p>

PROGRAMAS

Plan de Loita contra a Pobreza e a exclusión social

Servizo de Orientación, Intermediación e Prospección Laboral

Especial protección da infancia

Programas dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade

Programas de atención psicolóxica e xurídica

Programa de dixitalización para as persoas maiores

Programa de cobertura ás persoas dependentes

Programas de prevención e Igualdade

Voluntariado



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA



**PLAN INTEGRAL DE LOITA
CONTRA A POBREZA E A
EXCLUSIÓN SOCIAL**

A misión principal de Fundación Amigos de Galicia é a atención ás persoas mais vulnerables que se atopan en situación ou risco de exclusión social, especialmente as que contan con menores ou dependente ao seu cargo. Para iso, a entidade ven desenvolvendo dende a súa constitución como Entidade Prestadora de Servizos Sociais no ano 1995 o **“Plan Integral de Loita conta a Pobreza e Exclusión Social”**.


A entidade garante, a través deste programa, a **cobertura de necesidades alimenticias a non alimenticias** ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia. A nosa actuación diríxese principalmente ás persoas mais necesitadas da nosa comunidade, entendendo por tal, as persoas físicas, individuais, familias e/ou grupos de persoas que enfrontan dificultades semellantes e cuxa dependencia social e financeira está documentada.

Mediante a execución deste programa, a entidade cubre o acceso a alimentos, artigos de hixiene e limpeza, vestimenta, calzado, mobiliario e outros bens necesarios para a vida diaria.

PRINCIPAIS DATOS

13.612

ATENCIÓNS A FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL



OPERATIVA

A Fundación Amigos de Galicia implementou este programa como proxecto integral que aborda as necesidades críticas de persoas e familias en situación de vulnerabilidade. A iniciativa comeza cunha primeira acollida, onde se proporciona información detallada sobre o proxecto e a importancia de acceder á axuda alimentaria. A través dunha entrevista coidadosa, rexístrase información cruce sobre a composición familiar e a situación social e económica das persoas. Esta avaliación permite a creación dun Plan Personalizado de Intervención (PPI) que guiará a asistencia e seguimento necesario.

A entidade, unha vez incluída á familia no programa, realiza unha repartición mensual de alimentos a través das cadeas alimenticias **-as entregas realízanse a domicilio para preservar a dignidade das familias-**, asegurando o acceso a produtos esenciais para persoas e familias en risco de exclusión social, en especial as que contan con menores a cargo e/ou dependentes.

A oenugué conta coa colaboración de empresas, supermercados e cooperativas para garantir a dispoñibilidade de recursos ás familias con nenos e nenas a cargo, abordando a pobreza como unha doenza que afecta o desenvolvemento físico, emocional e educativo dos/as máis novos/as. A axuda de alimentos concíbese como unha medida complementaria e puntual, co obxectivo de non depender cronicamente deste tipo de asistencia. **A Fundación Amigos de Galicia vai máis aló ao identificar recursos e derivar a outras institucións, promovendo a inserción laboral e a xestión de axudas sociais.**



COBERTURAS BÁSICAS



Alimentación

A entidade cubriu as
necesidades nutricionais e de
hixiene e limpeza de **1.831**
fogares



Hixiene e limpeza



Vestimenta e calzado

A entidade cubriu as
necesidades de roupa e
calzado de persoas

589 fogares

A entidade deu
cobertura en
mobiliario en menaxe a
140 fogares



A entidade fixo entrega
de **1.249**
mochilas a menores



A fundación atendeu as
necesidades médicas
de **95** menores

LOITA CONTRA A POBREZA

>> Programa de Primeira atención, inmediata, a persoas en situación

Este programa financia a primeira atención, de carácter inmediato, coas persoas en situación de urxencia. Dada a situación de retraso nas xestións administrativas na actualidade (necesidade de cita previa, aumento de solicitudes, etc.), ofrécese un prazo prudencial de dous meses aos usuarios/as para completar a entrega da documentación, sendo imprescindible inicialmente a remisión de documentación mínima. Durante este período, as persoas demandantes son atendidas pola Fundación Amigos de Galicia para non deixar en situación de desamparo a ningunha familia en situación de necesidade, dando prioridade á cobertura de necesidades básicas das unidades familiares con menores, dependentes ou anciáns o seu cargo.

A través de dito programa a entidade **atendeu a un total de 2.164 persoas (646 familias) con carácter de urxencia na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2025, das cales 1.144 tiveron** que ser axudadas cunha segunda entrega debido a súa situación de extrema necesidade.

“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

>> Plan de Cobertura de necesidades alimenticias e doutras necesidades básicas ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia

A misión principal de Fundación Amigos de Galicia é a atención ás persoas máis vulnerables e en risco de exclusión social, especialmente a aquelas que contan con menores a cargo. Para iso, ven desenvolvendo dende a súa constitución como Entidade Prestadora de Servizos Sociais no ano 1995 diferentes programas dirixidos a paliar a exclusión social das familias máis desfavorecidas, proporcionándolles as ferramentas necesarias para cubrir as súas necesidades máis inmediatas, así como, apoiar e asesorar noutros campos imprescindibles na loita contra a exclusión, a formación e o emprego.

Mediante o Plan de Cobertura de necesidades alimenticias e doutras necesidades básicas ás familias en situación de carencia de recursos económicos con residencia nalgún concello de Galicia, se garante a cobertura das necesidades alimenticias e nutricionais das persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, en especial dos/as menores,

así como recursos básicos coma hixiene e limpeza, vestimenta e roupa para o fogar, material escolar para a volta á escola, artigos concretos que puideran xurdir (sanitarios), mobiliario e enseres do fogar ou o pago de subministracións básicas.

A través de ditos programas a entidade axudou a cubrir parte **das necesidades de 6.897 persoas** atendidas durante o ano 2025.

“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE + Galicia 2021-2027 e cofinanciado por Fundación Amigos de Galicia

>> Sistema de atención e orientación

Esta actuación ten como fin informar aos/ás usuarios e usuarias, segundo a situación de cada unidade familiar, acerca dos dereitos e recursos en materia de servizos sociais aos que teñen acceso. Os/as traballadores/as sociais da entidade realizan e realizarán unha labor de estudo, valoración e avaliación das necesidades da unidade familiar. A través de dita análise os/as profesionais orientarán e asesorarán aos titulares de cada unidade familiar dos trámites e/ou derivacións pertinentes segundo as problemáticas específicas, contemplando tamén a atención a distintas dúbidas que lles puidesen xurdir, e coordinándose con profesionais de distintos sectores, de cara a facilitarlle as xestións necesarias en cada caso.

O obxectivo da actuación é facilitar ás persoas a información acerca dos recursos existentes que garantan o acceso a outros sistemas de protección social e proporcionen apoio na realización de xestións e tramitacións das diferentes prestacións de servizos sociais e do sistema de protección social.

Por outra banda, a entidade tamén lles proporcionará información sobre os distintos proxectos desenvolto pola entidade e ós que, no caso de atoparse en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos, poderían ter dereito.


A través de dito programa a entidade orientou e informou **a todos/as aos/ás integrantes dos 2.402 fogares** atendidos durante o ano 2025.

“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE + Galicia 2021-2027 e cofinanciado por Fundación Amigos de Galicia

>> Plan de Cobertura necesidades – **Convenios/Subvencions**

O principal obxectivo que persegue a Fundación Amigos de Galicia con este programa é o de garantir a cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos nos distintos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este programa permite que todas as familias beneficiarias poidan dispoñer de todos os produtos de primeira necesidade indispensables na vida cotiá, ademais de facilitar a contribuír de forma temporal os recursos básicos para lograr unha estabilidade emocional na unidade familiar, principalmente onde se atopan menores e ou dependentes.



5.329

ACTUACIÓNS REALIZADAS NOS CONCELLOS A TRAVÉS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN E/OU SUBVENCIONS NOMINATIVAS

ACTUACIÓNS EN CONCELLOS SEN CONVENIO E/OU SUBVENCIÓN

PROVINCIA DE A CORUÑA

A Baña
A Coruña
Arteixo
Arzúa
Bergondo
Betanzos
Brion
Cambre
Carral
Coristanco
Culleredo
Curtis
Ferrol
Narón
Oleiros
Oroso
Outes
Padrón
Sada
Santa Comba
Santiago

PROVINCIA DE LUGO


Cidade de Lugo
Monterroso

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Estrada
Cambados
Cangas
Catoira
Illa de Arousa
Marín
Meaño
O Grove
Poio
Pontevedra
Porriño
Vigo
Vilagarcía de Arousa
Vilanova de Arousa

PROVINCIA DE OURENSE

A Merca
A Peroxa
Barbadás
Cenlle
Coles
Maceda
Ourense
Verea
Verín





**FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA**

SERVIZO DE ORIENTACIÓN, INTERMEDIACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL


SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Fundación Amigos de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia de emprego, exerce entre outras a orientación, a información profesional e as accións de apoio para a mellora do emprego, contribuíndo a unha xestión global e coordinada da mesma a fin de dar resposta tanto ás particularidades de cada territorio e aos distintos colectivos de atención, como á calidade dos servizos e programas. Iso implica a responsabilidade de atender aos distintos axentes que interveñen no proceso da orientación e intermediación laboral, empresas empregadoras e persoas demandantes de emprego, partindo dun enfoque integral dos programas de políticas de activación do emprego.





A Fundación Amigos de Galicia está constituída como **Axencia de Colocación “Emprega”**, a cal nace o 5 de febreiro de 2013 e é aprobada pola Xunta de Galicia co número de rexistro 1200000013.

O obxectivo é por en marcha distintas liñas de actuación destinadas a persoas demandantes e a oferentes de emprego, todas elas dirixidas a favorecer o necesario axuste entre demanda e oferta no mercado de traballo.

A entidade nos últimos anos a raíz das diferentes casuísticas acontecidas (pandemia, inflación, cambios no mercado laboral, etc.), co fin de contribuír a optimizar a xestión dos servizos e programas dirixidos ás persoas demandantes de emprego e ás persoas ocupadas para a súa inserción laboral ou para a mellora do seu emprego, adoptou a decisión estratéxica de redefinir o actual modelo de orientación e intermediación laboral cara a un modelo máis eficiente, áxil e de calidade na prestación dos seus servizos, que sitúe ás persoas demandantes de emprego como protagonistas absolutos do mesmo, desde a perspectiva de construír e implementar instrumentos que permitan mellorar as súas condicións de empregabilidade.



DATOS EMPREGO



PROGRAMAS

EN MATERIA DE EMPREGO

>> **Servizos de orientación laboral para o emprego e a asistencia para o autoemprego, articulados en itinerarios de inserción ocupacional personalizados e dirixidos a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego e servizos inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. – *Consellería de Emprego, Comercio e Emigración*–**



A entidade conta con persoal técnico contratado baixo o abeiro desta orde nas catro provincias galegas:

- Dúas técnicas na oficina de Ourense
- Dúas técnicas na oficina de Santiago de Compostela
- Dúas técnicas na oficina de Vilagarcía de Arousa
- Unha técnica na oficina de Lugo
- Un técnico na oficina de Pontevedra

Atencións totais realizadas a través do SPEG

6.873

Accións grupais realizadas polos/as técnicos/as

21

>> Programas de cooperación a través dos que se ofrece ás persoas demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir a experiencia laboral que lles poida facilitar a súa futura inserción no mercado de traballo.

PROSERDE VIII

A través deste programa a entidade ten como obxectivo completar a formación dos/as traballadores/as contratados/as co fin de xerar novas habilidades, coñecementos e calquera outra necesidade que se detecte.

Por outra banda, estas contratacións serven de apoio á entidade para poder atender e dar cobertura a todas as persoas que solicitan axuda dunha maneira mais rápida e eficaz en calquera dos proxectos desenvolto pola mesma.

Mediante a concesión deste programa a entidade contratou a unha traballadora social.

Programa subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

>> Itinerarios de inserción personalizada dirixidos a persoas inmigrantes da provincia de Pontevedra e Ourense

O programa consiste no desenvolvemento dunha intervención integral dirixida a favorecer a inclusión social e laboral da poboación inmigrante na provincia de Pontevedra e Ourense. A través de accións formativas, orientación laboral e apoio personalizado, búscase dotar ás persoas participantes das competencias, recursos e coñecementos necesarios para acceder ao mercado de traballo formal en condicións de igualdade. Ademais, promóvese a súa integración na comunidade local, mellorando a súa autonomía, benestar e participación social

*A través de dito programa a entidade atendeu a **25 participantes na provincia de Pontevedra e 25 na provincia de Ourense.***

Programa subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

>> Itinerarios de inserción personalizada dirixidos a persoas en situación de risco ou exclusión social na provincia de Pontevedra

O programa ten como finalidade impulsar a inclusión social e laboral da poboación inmigrante na provincia de Pontevedra mediante un conxunto de accións integrais orientadas á mellora das súas oportunidades de acceso ao emprego e á participación activa na comunidade. A través de itinerarios personalizados de inserción, accións formativas, orientación laboral e acompañamento individualizado, búscase fortalecer as competencias profesionais das persoas participantes e facilitar o seu acceso sostido ao mercado de traballo formal. Así mesmo, o programa promove a adaptación e integración social destas persoas, contribuíndo á súa autonomía, benestar e cohesión co entorno local.

*A través de dito programa a entidade atendeu a **24 participantes na provincia de Pontevedra e 25 na provincia de Ourense.***

>> Servizos de asesoramento técnico en materia de estranxeiría

A actuación ten como finalidade ofrecer un servizo especializado de información, asesoramento e acompañamento destinado a persoas inmigrantes residentes en Galicia que precisan realizar trámites administrativos vinculados coa súa situación xurídica no territorio español. O programa pretende garantir unha atención personalizada que lles facilite comprender e xestionar os procedementos en materia de estranxeiría, regularización ou acceso a dereitos e servizos. Diríxese especialmente a persoas en situación de vulnerabilidade social, afectadas por factores como a fenda dixital, o descoñecemento do idioma, a falta de recursos económicos ou a complexidade burocrática, contribuíndo así a mellorar a súa integración social, o exercicio dos seus dereitos e a igualdade de oportunidades.

*No marco deste programa, prestouse atención a **15 participantes da comunidade galega***

*“Os programas de inmigración, exclusión e estranxeiría están financiados pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia**, no marco da convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social. Estas actuacións están cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea a través do programa **FSE+ Galicia 2021-2027**, así como pola **Fundación Amigos de Galicia**.”*

>> Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social na provincia de Pontevedra

PONTE CO_EMPREGO 2025

Este programa ten como obxectivo a integración laboral dos colectivos con maior dificultade de acceso ó emprego, principalmente persoas en situación ou risco de exclusión social e persoas inmigrantes.

O obxectivo fundamental deste programa é fomentar a inclusión laboral das persoas atendidas mediante a realización de itinerarios personalizados de inserción. O proxecto desenvólvese en toda a provincia de Pontevedra.



 E-MAIL
orientacion@fundacionamigosdegalicia.org

 WEB
amigosdegalicia.org

 ENDEREZO
Avda. Matosinhos, 2
Vilagarcía de Arousa

 TELÉFONO
610.475.357

PONTE_COEMPREGO



ORIENTACIÓN LABORAL

Itinerarios personalizados, actualización do teu CV

INTERMEDIACIÓN LABORAL

Buscamos o perfil que as empresas precisan

FORMACIÓN

Adaptada a cada persoa segundo as súas necesidades



Este programa conta co apoio da Deputación de Pontevedra

Resultados obtidos

240 persoas atendidas (63%
mulleres/37% homes)

66 persoas inmigrantes

28 persoas con discapacidade

Emprega, como **axencia de colocación**, ten como finalidade realizar actividades que proporcionan un traballo ás persoas desempregadas. Para conseguir este fin, os/as técnicos responsables valoran perfís, aptitudes ou coñecementos das persoas desempregadas, podendo tamén realizar actuacións relacionadas coa procura de emprego, tales como a orientación, información profesional ou selección de persoal.

PERSOAS DESTINATARIAS

O Servizo de Orientación Laboral está dirixido a todas as persoas de Galicia en situación de desemprego, prestando especial atención a colectivos mais vulnerables: mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou vítimas de violencia de xénero, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade, mozos/as sen experiencia, persoas inmigrantes, maiores de 45 anos, persoas con necesidades de formación (non cualificadas), e en definitiva, a todas as persoas con dificultades para o acceso ao emprego é que precisen asesoramento.

ACCESO AO SERVIZO

Fundación Amigos de Galicia pon a disposición da poboación un formulario web para aquela persoas que estean interesadas en darse de alta como demandante de emprego na Axencia de Colocación:

[**VER NA NOSA PÁXINA WEB**](#)

INTERMEDIACIÓN E PROSPECCIÓN LABORAL

A entidade ofrece a empresas de diferentes sectores profesionais un servizo de intermediación laboral para cubrir as súas ofertas de emprego e colaborar na formación de persoas desempregadas. As actividades realizadas son as seguintes:

- Prospección do mercado de traballo para axudar ás empresas da rexión para cubrir facilmente as súas necesidades de contratación.
- Firma de acordos con empresas e ETTs para establecer colaboracións sólidas e duradeiras.
- Captación e xestión de ofertas de traballo, preselección de candidatos e remisión dos CV máis adecuados á empresa.
- Seguimento bilateral para garantir a satisfacción de ambas as partes

[VER NA NOSA PÁXINA WEB](#)

BOLETÍN DE OFERTAS DE EMPREGO

Dende a Axencia de Colocación realizase de maneira semanal o Boletín de ofertas de emprego (públicas, privadas e/ou propias) co fin de facilitar a busca de emprego a todos/as os/as demandantes.

[VER NA NOSA PÁXINA WEB](#)



968 postos cubertos a través da Axencia

196 contratos con carácter indefinido



ESPECIAL PROTECCIÓN Á INFANCIA

O día **20 de novembro celébrase o Día Universal da Infancia**, unha data que conmemora feitos fundamentais na historia dos dereitos infantís e simboliza o compromiso da humanidade cara ao benestar e desenvolvemento dos nenos e nenas de todo o mundo.

Esta data foi elixida porque o 20 de novembro de 1959 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a **Declaración dos Dereitos do Neno**, un documento pioneiro que estableceu, por primeira vez de forma internacional, unha serie de dereitos básicos para a infancia, recoñecendo a necesidade dunha protección especial debido á súa vulnerabilidade.

A pobreza infantil é un dos problemas máis alarmantes: **un de cada tres nenos en España** está en risco de pobreza ou exclusión social, o que afecta o seu acceso á educación, a saúde e a unha contorna digna. Este é un dos índices máis altos da Unión Europea e representa unha violación estrutural dos dereitos da infancia.

Outro ámbito preocupante é o da **violencia contra a infancia e a adolescencia**. Cada ano, miles de persoas menores de idade en España son vítimas de malos tratos nos seus propios fogares. A pesar da existencia de leis que protexen ás nenas e nenos, os datos do **Ministerio do Interior reflicten un incremento nos casos de violencia contra NNA** (nenos, nenas e adolescentes).

>> “Alimentando o seu futuro”

Este programa ten diferentes obxectivos, en primeiro lugar, inculcar hábitos de vida saudables en familias que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou risco de exclusión social e por outra parte **fomentar unha vida activa e un consumo responsable**.

Mediante a execución deste programa, a Fundación Amigos de Galicia pretende loitar contra unha situación delicada que está a vivir Galicia actualmente. Un 39% da poboación galega **padece exceso de peso** e unha 16,5% **obesidade**, o que implica máis do 55% da poboación galega. Ademais, un 23,6% dos/das menores galegos/as padecen tamén exceso de peso, o que confirma que cada vez é máis necesaria a educación de carácter nutricional.



25 USUARIOS/AS ATENDIDOS/AS / **531** MENORES
ACUDIRON A OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN

Contido programa

1. Hábitos saudables
2. Fomento do exercicio físico
3. Charlas sobre o uso das pantallas *“Provocar o debate nas familias e os centros escolares sobre o papel que xogan as pantallas na vida cotiá dos nosos/as estudantes, pequenos/as e adolescentes”*.

Andainas – Fomento exercicio físico

Dentro do programa “**Alimentando o seu Futuro**”, a Fundación Amigos de Galicia organizou diferentes **andainas solidarias** co obxectivo de **promover a actividade física e sensibilizar sobre a importancia dunha alimentación equilibrada e hábitos de vida saudables**.

Unha das xornadas desenvolveuse na **Vía Verde** no tramo **Vilagarcía – Caldas – Portas**, cun percorrido aproximado de **9,2 km**, dirixida a **grupos de campamento**, na que participaron **55 menores do Campus Multiaventura de Vilanova**. Durante a actividade incorporouse unha **explicación adaptada á idade sobre alimentación equilibrada vinculada ao esforzo físico**, fomentando a aprendizaxe práctica sobre os beneficios dunha dieta saudable combinada coa actividade deportiva.

A **última andaina** tivo lugar o **11 de xullo**, en colaboración coa **Casa de Familia “Aldaba”**, tamén no marco deste programa. Nela participaron **10 menores en situación de vulnerabilidade**, que percorreron a **ruta circular de Zamáns**, duns **6 quilómetros** e cunha **duración aproximada de dúas horas**.

Estas actuacións permitiron **asociar a actividade física ao benestar e ao tempo de lecer**, reforzando a **práctica deportiva como rutina saudable** e contribuíndo á **concienciación sobre a prevención da obesidade infantil** nun entorno lúdico, educativo e inclusivo.



“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

>> “En Igualdade dende a escola”

O obxectivo concreto do programa é o de dar cobertura ás necesidades escolares entre os/as menores de Galicia en risco de exclusión social, así como conseguir o desenvolvemento dos/as nenos/as e adolescentes que precisan de atención nas súas necesidades específicas.

Este programa tamén ten como finalidade a **de prever o abandono temperá dos estudos e a redución do absentismo escolar, sensibilizando aos/ás alumnos/as, nais/pais e centros escolares sobre a importancia de fomentar unha comunicación aberta e educar en valores como o respecto, a empatía e a tolerancia.**

253 menores cubertos
con material escolar
específico e material dixital



5 MENORES TIVERON CUBERTOS TRATAMENTOS MÉDICOS CONCRETOS

15 menores recibiron intervencións de reforzo educativo

“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

>> “Nas súas mochilas, o teu futuro” - Campaña

Este programa levase a cabo a través dunha campaña que leva o seu mesmo nome e ten como obxectivo fomentar o **benestar integral dos/as menores favorecendo o acceso á educación en igualdade de condicións.**

Este proxecto é posible gracias aos diferentes centros que colaboran coa entidade todos os anos co fin de poder chegar a cubrir as necesidades escolares básicas do maior número de nenos/as.

No comezo do curso escolar do ano 2025, Fundación Amigos de Galicia deu resposta ás necesidades escolares de

1.249
menores



>> “Comparte Ilusión” - Campaña


O obxectivo do proxecto “**Comparte ilusión**” é que todas as familias teñan dereito a vivir un **Nadal con dignidade**. O compromiso desta campaña, consolidada ao longo dos anos, é entregar xoguetes novos que promovan o xogo educativo e seguro, garantindo a igualdade e dignidade de todos os/as nenos/as.

**NO ANO 2025 A ENTIDADE ENTREGOU 1.974 AGASALLOS
DE NADAL ENTRE MENORES DE GALICIA EN SITUACIÓN DE
ESPECIAL VUNLERABILIDADE**



APOIO MÉDICO

Fundación Amigos de Galicia leva a cabo no eido da saúde actuacións cos menores galegos/as que con distintas problemáticas dende o seu nacemento ou no seu desenvolvemento precisan dunha atención diaria para poder mellorar a súa calidade de vida.



Cobertura de lentes graduadas a menores con escasos recursos que presentaban problemas visuais. Este servizo inclúe o pagamento das mesmas co fin de corrixir as súas dificultades visuais.

90

revisións ópticas a menores e anteollos solidarios coa Clínica Villoria





Tratamentos médicos específicos sufragados parcial – **copago**- ou non sufragados pola Seguridade Social e aos que moitas familias galegas en risco de exclusión social non poden facer fronte, (**terapias, sistemas de monitorización de glucosa, audiófonos, servizos dentais, ortopedia**, etc.).

Por outra banda, a **Fundación Amigos de Galicia**, no seu ámbito de actuación en materia de saúde e benestar, realiza intervencións dirixidas a menores e demais integrantes das unidades familiares que, por diferentes circunstancias ou problemáticas dende o seu nacemento ou ao longo do seu desenvolvemento, precisan dunha atención continuada para mellorar a súa calidade de vida. As actuacións lévanse a cabo tanto nos concellos cos que a entidade mantén convenios de colaboración como noutros municipios de Galicia. Ademais, a entidade atende solicitudes específicas que chegan por outras vías, sempre que estean avaladas polos informes correspondentes do persoal técnico ou médico, dirixindo a súa intervención exclusivamente a persoas pertencentes a colectivos vulnerables ou en risco de exclusión social.

2 persoas recibiron cobertura dos custos de medicación para o seu tratamento

1 persoa recibiu mobiliario ortopédico necesario (cama articulada) para mellorar a súa mobilidade

>> “Programa de atención psicolóxica dirixida á infancia e mocidade en risco de exclusión social”

Este programa está destinado á infancia e a mocidade que pola súa situación económica familiar ou por atoparse en risco de exclusión social, non dispoñen dos recursos necesarios para acceder a unha consulta privada ou non poden esperar os prazos de tempo para ser atendidos/as por profesionais da atención primaria.

Os/as profesionais teñen como obxectivo fomentar estratexias saudables para alcanzar o benestar emocional e o equilibrio mental dos/as menores atendidos/as, así como a construción de habilidades, competencias e recursos que lles permitan afrontar os desafíos das súas vidas.

Este servizo inclúe:



Benestar persoal



Problemas de conducta



Mediación familiar



Habilidades sociabilización

Expedientes abertos/sesións individualizadas

86

445

Intervencións familiares

37

Talleres saúde mental

2.936

“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE PSICOLOXÍA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BOIRO


No mes de **decembro de 2024**, o **Concello de Boiro** púxose en contacto coa Fundación Amigos de Galicia despois de que a entidade informara aos distintos centros educativos do municipio da dispoñibilidade dun servizo de asistencia psicolóxica. Froito desta comunicación, o Concello manifestou o seu interese en impulsar un programa municipal de apoio psicolóxico no ámbito escolar, dirixido a menores con necesidades de atención emocional e conductual.

Así, **en febreiro de 2025 deu comezo un programa de intervención en seis centros escolares de Boiro**. Durante un período de catro meses (febreiro–maio de 2025), prestouse atención psicolóxica individualizada aos/ás menores que o requirían, cunha frecuencia de intervención semanal ou quincenal, segundo as necesidades de cada caso. As sesións realizáronse mediante o desprazamento semanal das profesionais aos centros, facilitando o acceso ao servizo no propio entorno escolar.

O programa desenvolveuse en coordinación cos Servizos Sociais, os departamentos de orientación, os equipos directivos, o profesorado titor e as familias, garantindo unha abordaxe integral e interdisciplinar.

Dada a boa acollida e os resultados positivos observados, durante o período estival mantívose a atención en catro casos de especial complexidade. Posteriormente, en outubro de 2025, reanudouse o programa nos mesmos centros educativos, atendéndose tanto a menores que xa viñan sendo seguidos como a novos casos, sumando un total de 16 novas intervencións.

As problemáticas detectadas foron diversas, entre elas situacións de desestruturación familiar, dificultades de regulación emocional e conductual, trastornos do neurodesenvolvemento (como TDAH e TEA), baixa tolerancia á frustración, problemas nas relacións entre iguais e alteracións do comportamento, entre outras.



Os **dereitos da infancia** foron amplamente recollidos en diversos instrumentos internacionais ao longo do século XX, culminando na **Convención sobre os Dereitos do Neno de 1989**. Este tratado marcou un punto de inflexión ao recoñecer nenos e nenas como suxeitos de dereito e como persoas que precisan dunha protección específica mentres non acaden a idade legal para exercer plenamente os seus dereitos. O principio reitor da Convención é a obriga de que todas as institucións, públicas e privadas, **actúen sempre atendendo ao interese superior do/a menor**.

A **Fundación Amigos de Galicia** vén intensificando nos últimos anos o seu compromiso coa protección da infancia, actuando como parte personada en diferentes procedementos xudiciais nos que se vulneran gravemente os dereitos dos/as menores.

Entre estes casos atópase o de [Monforte de Lemos](#), no que a entidade exerce a acusación popular en defensa dunha menor vítima de explotación e agresións sexuais continuadas por parte da súa nai e dun home octoxenario. **No ano 2025 a Audiencia Provincial de Lugo condenou a nai a 29 anos de prisión e ao citado home a 14 anos**, así como ao **pagamento de indemnizacións á vítima, o que supón un avance significativo na reparación dos dereitos da menor e na visibilización da violencia sexual contra a infancia**.

*A causa estivo representada en nome da fundación polo **letrado penalista, Francisco José Lago Calvo**, profesor ademais de Dereito Penal na Universidade de Vigo.*



FOMENTO, CONCIENCIACIÓN E PREVENCIÓN

Durante o ano 2025, os talleres/charlas de sensibilización organizadas pola Fundación Amigos de Galicia lograron chegar a atender a un total de **3.620 escolares en diferentes centros educativos**. Estas charlas abordaron temas fundamentais como a saúde mental (**educación emocional, acoso escolar, prevención do suicidio, etc.**), a igualdade, a alimentación saudable, a importancia da nosa lingua “o galego” e o voluntariado; proporcionando aos/ás estudantes información valiosa e ferramentas prácticas para mellorar o seu benestar, así como concienciar e promover una sociedade mais inclusiva e solidaria. A participación de tantos escolares reflicte o impacto positivo e a relevancia destas iniciativas na comunidade educativa.

PRINCIPALES DATOS DE ESCOLARES ATENDIDOS/AS

Saúde mental

2.422

Igualdade

444

Voluntariado

74

Alimentación
saudable

477

Fomento da lingua
galega

203



**PROGRAMAS DIRIGIDOS A
MULLERES EN SITUACIÓN DE
VULNERABILIDADE**

EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE

A entidade desenvolve ao longo de todo o ano distintos programas, dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou vítimas de violencia de xénero, a través dos cales proporcionábase asesoramento social, psicolóxico, xurídico e/ou laboral, contribuíndo desta forma a mellorar a súa situación persoal, social e/ou laboral.

>> Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

EM - PODÉRATE

O obxectivo do programa foi traballar de maneira integral pola inserción socio-laboral das mulleres en situación de vulnerabilidade.

O programa ten como obxectivo principal mellorar a empregabilidade das participantes de cara o seu futuro, á marxe de que durante o desenvolvemento do mesmo, sexan incluídas no mercado de traballo.

A motivación para a realización do programa dirixido a mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade vén motivado pola necesidade de abordar diferentes aspectos; as relacións, a saúde mental, a educación e por suposto o ámbito laboral.

Atención a

44

mulleres

EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E/OU VVX

Programa financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025.

>> **Subvencións para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.**

UN NOVO CAMIÑO

O principal obxectivo que se pretende acadar a través de programa é o de incrementar a empregabilidade das mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de que alcancen a independencia económica e persoal necesaria para romper o vínculo co seu agresor e lograr a súa efectiva recuperación integral.

Estas mulleres, marcadas por experiencias de violencia, necesitaron un apoio integral que incluíse atención emocional, social, económica e laboral. Neste contexto, **"Un Novo Camiño"** proporcionou ferramentas prácticas para favorecer a súa inserción laboral e fortalecer a súa autonomía económica.

>> **29** MULLERES PARTICIPANTES

>> **5** MULLERES INSERIDAS

FORMACIÓNS EXECUTADAS:

DEREITOS LABORAIS E SOCIAIS

DESENVOLVEMENTO PERSOAL E BENESTAR


CAIXEIRA - REPOÑEDORA

52 HORAS DE

**PRÁCTICAS NA CADEA
DE ALIMENTACIÓN
ALCAMPO - VILAGARCÍA**

>> Programa de recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades

Programa dirixido a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e/ou con singulares dificultades da provincia de Pontevedra ofertando una serie de servizos, en función das súas necesidades, no eido do asesoramento psicolóxico, asesoramento xurídico, asesoramento laboral e apoio social; desenvolvendo tamén accións vinculadas ó ámbito da prevención da violencia de xénero, prioritariamente, ás persoas que polas súas características persoais e de xénero e o seu entorno social e/ou familiar puideron ser susceptibles ó maltrato físico, verbal e/ou psicolóxico.



Este programa contou co apoio da **Deputación de Pontevedra**

>> Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas en políticas de xénero

EM-FEMENINO



O Programa **EM-FEMENINO** ten como obxectivo promover a equidade e a igualdade de oportunidades para mulleres que, debido a factores de xénero, enfrontan dificultades para acceder ao emprego.

As participantes adscritas a este programa e onde a entidade realizou as atencións, pertencían aos seguintes concellos: **Ames, A Laracha, Carballo, Santiago de Compostela e Rianxo.**

CURSO REALIZADO:

- **Caixeira repoñedora (24 participantes)**

PRÁCTICAS EMPRESAS

- **14 Participantes** realizaron prácticas nas cadeas de alimentación **GADIS, ALCAMPO, COVIRAN, FROIZ E CARREFOUR.**

*Este programa contou co apoio da **Deputación de A Coruña***

57 PARTICIPANTES
12 MULLERES INSERIDAS



PROGRAMAS DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA E XURÍDICA

PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA

O departamento de psicoloxía da Fundación Amigos de Galicia é un elemento fundamental na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade. O obxectivo é ofrecer apoio e acompañamento ás persoas en desvantaxe socio-económica da nosa sociedade.

Este departamento realiza intervencións coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas, asumindo un papel proactivo e autónomo destas, animándoos/as a converterse en axentes activos de cambio, tanto na prevención como na intervención en situación de crise.

ATENCIÓN CENTRADA NA PERSOA E/OU NO SEU ENTORNO FAMILIAR

Para garantir un coidado integral personalizado

ATENCIÓN PRESENCIAL E/OU TEMÁTICA

Garantindo a adaptación do servizo a cada situación

DEPARTAMENTO ESPECIALIZADO

Composto por profesionais con formación específica en intervención

ACTUACIÓN INTEGRAL

Coordinación con diferentes profesionais implicados/as

30 persoas atendidas

4 Homes

26 Mulleres

9 con menores a cargo

>> **115** Atencións realizadas

PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICA

O servizo xurídico da Fundación Amigos de Galicia presta apoio ás persoas en situación de risco ou exclusión social ante calquera situación que precise de intervención xudicial ou asesoramento, así coma as persoas estranxeiras que necesiten información ou axuda en materia de estranxeiría.

41 EXPEDIENTES ABERTOS

23 PERSOAS ATENDIDAS POR TRÁMITES RELACIONADOS CON
ESTRANXEIRÍA

18 PERSOAS ATENDIDAS POR DIFERENTES CASUÍSTICAS
(XUDICIAIS, TRAMITACIÓNS AXUDAS, ETC.)

>> **246** ATENCIÓNS REALIZADAS NO
EIDO XURÍDICO A PERSOAS EN SITUACIÓN
DE ESPECIAL VULNERABILIDADE



**PROGRAMA DE
DIXITALIZACIÓN PARA ÁS
PERSOAS MAIORES**

>> Programa de atención ás persoas maiores de 65 anos de Galicia, en especial atención a aquelas que viven soas.

MELLOR ACOMPAÑAD@


Durante o ano 2025, o programa **Mellor Acompañad@** desenvolveu diversas actividades co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas maiores. Estas accións incluíron formacións para reducir a fenda dixital, apoio psicoemocional e creación de redes de apoio veciñal adaptándose ás necesidades específicas do colectivo beneficiario.

PRINCIPAIS ACTIVIDADES REALIZADAS

- Cursos de dixitalización
- Entrega de material didáctico adaptado
- Apoio e acompañamento psicoemocional

>> **570** persoas maiores atendidas

>> **1.310** asistentes a charlas de
“Soidade non desexada”



Concellos onde se impartiron as formacións:

A CORUÑA: A Pobra do Caramiñal, Betanzos, Carballo, Muros, Noia, Oza Cesuras, Padrón, Porto do Son, Santiago de Compostela, Val do Dubra e Vilarmaior.

PONTEVEDRA: A Estrada, Bueu, Cambados, Campo Lameiro, Cuntis, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borben, Poio, Pontearreas, Salceda de Caselas, Sanxenxo, Soutomaior e Vilanova de Arousa.

LUGO: Carballedo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

O s nos@s maiores

MELLOR ACOMPAÑAD@

PROMOCIÓN EMPREGO DAS TIC - PERSOAS MAIORES

>> Máquina de quendas

>> Teléfono móbil/Smartphone

>> Caixeiro automático

>> App móbil do Sergas/Chave 365

>> Outros trámites


“Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.



**PROGRAMA “COIDANDO EN
BENESTAR”**

>> Programas de formación e prestación de servizos de asistencia persoal, para persoas fráxiles sen dereito á prestación de dependencia.

O programa “**Coidando en Benestar**” ten como obxectivo principal mellorar a calidade de vida das persoas en situación de dependencia, con especial atención ás **persoas maiores que viven soas ou carecen de rede de apoio**. A actuación céntrase na atención das súas necesidades básicas en materia de saúde, coidados e benestar social, á vez que promove a autonomía persoal e prevén situacións de illamento. Así mesmo, o programa inclúe accións dirixidas ao apoio das familias e persoas coidadoras, e fomenta a creación de redes comunitarias de colaboración e solidariedade no entorno dos fogares das persoas dependentes.



“**Financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024**” e **cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia**.



PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E IGUALDADE

>> “A Voz da Igualdade”

A través do programa “**A Voz da Igualdade**”, traballouse para ofrecer a formación necesaria en materia de sensibilización favorecendo o desenvolvemento das participantes. O obxectivo foi lograr que as mozas e mulleres fose capaces de transformar a súa inseguridade en confianza, afrontar desafíos con ilusión e entusiasmo, desenvolver competencias tanto técnicas como emocionais, e loitar con determinación polo alcance das súas metas, fortalecendo a súa capacidade para superar obstáculos. Neste proceso, foi crucial aproveitar cada oportunidade de crecemento, **promovendo valores como o esforzo, o traballo en equipo, a igualdade de oportunidades e a solidariedade.**

330 menores formados/as en materia de igualdade en
centros escolares/ 114 intervencións específicas en
educación secundaria



“Financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

>> Subvención para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e defensa dos dereitos de liberdades das persoas e colectivo LGBTQI

TECENDO CON FÍOS DE CORES

O programa "**Tecendo con Fíos de Cores**" da Fundación Amigos de Galicia tivo como obxectivo principal garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, ademais de protexer os dereitos das persoas LGBTQI.

O proxecto busca erradicar as desigualdades estruturais, os prexuízos e as discriminacións que afectan a estes colectivos, promovendo un ambiente seguro e inclusivo que fomente o respecto, a comprensión e a solidariedade.

Para o desenvolvemento do mesmo leváronse a cabo accións tales como; proporcionar información específica á cidadanía sobre a temática, levando a cabo actuacións entre iguais, así como actividades de sensibilización/normalización con respecto ó tema referido.



MÁIS INFO. EN:
AMIGOSDEGALICIA.ORG



48 INTERVENCIÓNS A
ALUMNOS/AS



PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

Os programas de voluntariado desempeñan un papel crucial na promoción do benestar e na construción de comunidades.

Algúns dos programas de voluntariado ofrecidos pola Fundación Amigos de Galicia estiveron enmarcados nas seguintes temáticas:

- **Apoio a familias en situación de vulnerabilidade.**- Os/as voluntarios/as traballan en estreita colaboración para prestar axuda a familias en situación de exclusión social.
- **Apoio á infancia e xuventude.**- Este programa concéntrase na participación do voluntariado en actividades de sensibilización e/ou prevención dirixidas a nenos/as e adolescentes en risco.
- **Protección ambiental e sustentabilidade.**- Proxectos de preservación e concienciación ambiental, como limpeza de praias, reforestación e sensibilización ambiental na comunidade.
- **Sensibilización do voluntariado.**- Ten como obxectivo concienciar ás persoas na importancia e nos beneficios do voluntariado na comunidade

ACCIÓN VOLUNTARIA

O programa tivo como obxectivos principais:

1. Difundir a importancia do voluntariado a través de accións de sensibilización, recoñecendo a labor das persoas voluntarias e incrementando a súa visibilidade no terceiro sector.
2. Fomentar a participación social na atención a persoas en risco de exclusión, tecendo redes de solidariedade entre a cidadanía e complementando o traballo do equipo profesional da entidade.
3. Motivar e canalizar a participación da poboación en accións de voluntariado, tanto de persoas mozas como adultas, promovendo a súa implicación en diferentes programas e proxectos.
4. Fortalecer e dar continuidade ao voluntariado, favorecendo a súa formación, motivación e integración nas actividades da Fundación.



“Financiado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2024” e cofinanciado pola Fundación Amigos de Galicia.

RECOÑECIMIENTO

EIDO

GASTRONOMÍA



FUNDACIÓN
AMIGOS DE GALICIA

“PREMIO NACIONAL DE GASTRONOMÍA TRADICIONAL LOLA TORRES”

PREMIADOS

- 2002 .- Cal Jaumet de Torá – Ramona Closa (Lleida)
- 2003 .- Restaurante Casa Salvador (Valencia)
- 2004 .- Restaurante Casa Duque (Segovia)
- 2005 .- Restaurante Caballo Rojo (Córdoba)
- 2006 .- Restaurante Posada de la Villa (Madrid)
- 2007 .- Restaurante Casa Conrado (Oviedo)
- 2008 .- Restaurante Josexo (Pamplona)
- 2009 .- Restaurante 7 Portes (Barcelona)
- 2010 .- Restaurante Arzak (Donostia)
- 2011 .- Restaurante Rías de Galicia (Barcelona)
- 2012.- Restaurante Zalacaín (Madrid)
- 2013 .- Can Roca – Montserrat Fontanet (Girona)
- 2014 .- Restaurante Lhardy (Madrid)
- 2015 .- Restaurante Akelarre – Pedro Subijana (Donostia)
- 2016 .- Restaurante Casa Lucio – Lucio Blázquez (Madrid)
- 2017 .- Restaurante Atrio (Cáceres)
- 2018 .- Restaurante Martín Berasategui (Guipúzcoa)
- 2023 .- Casa Botín (Madrid)
- 2024.- IGP Tenreira Galega e Boi Galego



DE GASTRONOMÍA TRADICIONAL “LOLA TORRES”


O Premio Nacional de Gastronomía Tradicional “Lola Torres” é convocado anualmente pola Fundación Amigos de Galicia, coa colaboración do Concello do Grove (Pontevedra) e da Axencia de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia. Coincidindo o seu fallo coa “Festa do Marisco” desta localidade pontevedresa, este premio naceu no ano 2002, coma homenaxe a Lola Torres, e a todas/os as/os cociñeiras/os que fixeron cátedra nos fogóns. Ten como finalidade resaltar a gastronomía daqueles restaurantes que leven como mínimo 25 anos degustando padales coa súa cociña tradicional, atendendo principalmente aos produtos autóctonos da zona: carnes, peixes, legumes, verduras, viños, etc.

O XX Premio Internacional de Gastronomía Tradicional “Lola Torres” foi concedido ao Restaurante “Camelo” en Portugal (*fundado en 1983*), en recoñecemento a súa destacada labor na preservación, promoción e divulgación da cociña tradicional portuguesa.



RESULTADOS ECÓNICOS

FONTES DE FINANCIACIÓN



Outras fontes.- 23.608,48

Principais cifras onde se encaixan todos os proxectos desenvolto pola entidade e detallados nesta memoria de actividades 2025

TRANSPARENCIA

CÓDIGO ÉTICO E BOAS PRÁCTICAS

O obxectivo do **Código de Conduta Corporativa** é establecer as pautas xerais que deben rexer a conduta das persoas vinculadas á Fundación, baixo estándares de ética e integridade coherentes coa misión, principios e valores da organización.

FINS

- **Velar polo bo goberno e a transparencia como principios básicos que rexen a nosa xestión interna, reflexando o noso compromiso organizacional e dando resposta á demanda cada vez mais crecente neste ámbito por parte da sociedade ás organizacións do Terceiro Sector.**
- **Orientar as pautas a seguir no caso de atoparnos ante dilemas éticos no noso ámbito profesional e de relacións con terceiros.**
- **Cumprir coas obrigacións legais locais e autonómicas ás que estamos suxeitos e afianzar o noso compromiso co marco internacional de Dereitos Humanos, respectando os principios éticos das culturas propias dos territorios nos que nos atopamos presentes.**

AUDITORÍA DE CONTAS

Unha auditoría é un proceso sistemático e detallado de revisión e avaliación dos rexistros, estados financeiros, procedementos e controis internos dunha organización, co obxectivo de verificar a exactitude e confiabilidade da información e de asegurar o cumprimento das normas e regulacións aplicables.

A Fundación Amigos de Galicia ten unha **responsabilidade social e financeira** cos seus/súas doantes, patronos/as, empresas e colaboradores/as, dando visibilidade á transparencia da inversión dos fondos e recursos recibidos *-empregando os mesmos dunha maneira eficiente e efectiva para lograr os seus obxectivos-*.

A entidade atópase sometida con carácter anual a diferentes auditorías, as cales amosan o bo facer da entidade (**auditoría de contas e auditorías de subvencións recibidas**).

PLAN DE IGUALDADE

A dirección da **Fundación Amigos de Galicia** adopta o compromiso de respectar a igualdade de trato e de oportunidades no eido laboral. Por isto, o Director da Fundación Amigos de Galicia documenta o seu compromiso co establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, tal e como recolle a *Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes*.



FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

O obxectivo do presente plan é fortalecer o compromiso da entidade coa igualdade de oportunidades entre mulleres, homes ou outras entidades, afianzando o exercicio da fundación aos principios e valores da igualdade e non discriminación que aplica nas súas actividades de forma diaria

O convenio foi aprobado o **27 de setembro de 2024** pola Xunta de Galicia co código **36103762112024** - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

PROTOCOLO DE ACOSO SEXUAL, POR RAZÓN DE SEXO E OUTRAS CONDUCTAS CONTRA A LIBERDADE SEXUAL

Entre os principios de Conducta e Actuación de **Fundación Amigos de Galicia**, está o **“Respecto ás persoas”** como condición indispensable para o desenvolvemento individual e profesional, tendo o seu reflexo mais inmediato nos principios de “Respecto á legalidade e respecto dos dereitos humanos” que regulan a actividade de todas as persoas no exercicio das súas funcións e que obriga a observar un trato, adecuado, respectuoso, digno, garantindo a salvagarda dos dereitos fundamentais de carácter laboral, a intimidade persoal e a igualdade.

Fundación Amigos de Galicia, consciente de protexer os dereitos fundamentais da persoa e especialmente a súa dignidade no ámbito laboral reconece a necesidade de previr e, no seu caso, erradicar todos aqueles comportamentos e factores organizativos que poñan de manifesto condutas de acoso no ámbito laboral, de conformidade cos principios inspiradores da normativa europea e nacional.

O convenio foi aprobado o **27 de setembro de 2024** pola Xunta de Galicia co código **36103762112024** - **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**

REDES E ALIANZAS

REDES

A entidade comparte apoios coas seguintes entidades/empresas:

Rede Tilde .- Técnicas e Técnicos de Inserción Laboral de Lugo

Rede de Emprego Conect@ Vigo

Limpiezas Faro

Rede de Emprego Empreganós

IntegraCEE

Aeiga.- (EIL) – Troco Solidario EIL

CLECE

CLN – Contratación de persoas con discapacidade

Carrefour

Acciona

Vegalsa – Eroski

Fundación Nortempo

Gadisa Retail, SL (GADIS)

ALIANZAS



**XUNTA
DE GALICIA**



Fondos Europeos



**GOBIERNO
DE ESPAÑA**



**Deputación
DA CORUÑA**



**Deputación
Pontevedra**



**DEPUTACIÓN
OURENSE**



**concello de
CARBALLO**



**FENE
CONCELLO**



Concello de Pol



**CONCELLO
DE
BOIRO**



Concello de Taboada



Concello de Leiro



Concello de San Cibrao das Viñas



Concello As Neves



Caldas de Reis



CONCELLO DE REDONDEIRA




Concello de AMES



CONCELLO DE SANTIAGO

261 EMPRESAS COLABORADORAS



ENTRE OUTRAS ...



FUNDACIÓN

AMIGOS DE GALICIA